

4. Aprendizaxe de idiomas

4.2. Certificacións

Existe toda unha serie de exames oficiais dos principais idiomas, para todos aqueles que buscan unha forma de certificar o seu nivel de coñecemento.

CERTIFICADOS OFICIAIS DE IDIOMAS. EXAMES OFICIAIS DE IDIOMAS

Requisitos

Cambridge. A Universidade de Cambridge dispoñe de exames acreditativos para cada un dos niveis do MECR onde se evalúan as competencias en comprensión e expresión oral e escrita: Key English Test (KET), Preliminary English Test (PET), First Certificate in English (FCE), Certificate in Advanced English (CAE), Certificate of Proficiency in English (CPE). Ademais, a Universidade de Cambridge propón tamen outros exames específicos como o Business English Certificate. Realízanse varias convocatorias ao longo do ano.

cambridgeenglish.org

TOEFL. O Test of English as Foreign Language (TOEFL) proposto por ETS e o máis importante a hora de certificar os coñecementos desta lingua nos Estados Unidos. A súa realización é a través de ordenador, existindo tamen exames escritos que son menos comúns. Evalúase en escala nas 4 competencias previstas.

ets.org

IELTS. Exame moi reconecido a nivel Internacional, organizado polo British Council con axuda de Cambridge. Evalúase por escala nos 4 niveis de competencias de comprensión e expresión.

ielts.org

Lugar

Goethe-Institut. Organiza os exames oficiais de alemán de maior reconecemento internacional. O Goethe-Institut propón 14 certificados segundo os diferentes niveis. O único centro examinador en Galicia é o Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago.

O exame divídese en 4 módulos de 100 puntos cada un. Necesítanse o menos 60 para aprobar cada parte.

goethe.de

Prazos de solicitude

PLE. O Instituto Camoés propón 5 exames oficiais da lingua portuguesa (CIPL, DEPL, DIPL, DAPL, DUPL). En Galicia encargáse de realizar os exames o Centro de Lingua Portuguesa-Instituto Camoés de Vigo. Exame dividido en 4 partes de 25 puntos cada unha.

fl.ul.pt

Proceso de selección

CELI. A Università per Stranieri di Perugia expide os Certificados de Coñecemento da Lingua Italiana (CELI) que van desde o nivel 1 ao 5.

unistrapg.it

CILS. A Università per Stranieri di Siena, pola súa parte, outorga os Certificados de Italiano como Lingua Estranxeira para cada un dos seis niveis do MECR.

cils.unistrasi.it

Duración e contía

DELE. O Instituto Cervantes realiza os exames oficiais do Diploma de Español como Lingua Estranxeira do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O DELE ten seis niveis, adaptados ao marco común europeo de referencia

exámenes.cervantes.es

CELGA. A Xunta de Galicia realiza as Certificacións de Lingua Galega. Son 5 niveis, comezando con CELGA 1, equivalente a A2 ata o CELGA 5, C2.

lingua.gal